

***A MOURA ENCANTADA***

**NOME DO DOCUMENTO:** MPG\_NoCa\_0004\_001\_id719\_D  
**AUDIO DE REFERENCIA:** MPG\_NoCa\_0004\_001\_id719.mp3

**TIPO DE DOCUMENTO:** Rexistro directo dun evento. Conto  
**MATERIAL DISPOÑIBLE:** Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)  
 Transcripción de texto

**DURACIÓN:** 0:01:07

**DATOS DA RECOLLIDA**

- **DATA DA RECOLLIDA:**
- **LOCALIZACIÓN:**
  - Lugar/ aldea/ barrio:
  - Parroquia:** Saiáns
  - Concello:** Vigo
  - Provincia:** Pontevedra
  - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
  - Nome:** Maruja
  - Ano de nacemento:** 1949
  - Idade no momento da recollida:** 50
- **RECOLLEDOR/ORA:** Laura Iglesias Rodríguez
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**  
 Sen información



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## CONTEXTO

Durante a década de 1990 até os anos 2000, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos, dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que se encargaron de facer as recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasmouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

## BIBLIOGRAFÍA

- NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.  
 NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratrea.  
 NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

## PALABRAS CHAVE

conto, narración, lenda, moura encantada

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias

## TRANSCRICIÓN

Museo  
do Pobo  
Galegoinstituto de  
estudos das  
identidades

[Unha vella] xa hai moitos anos - xa morreu claro - nosoutros vamos pastar as vacas, entón ela sempre nos disía: “Aí no monte da Estea hai a Moura Encantada, non vos arrimedes aí, porque se vós vos arrimades á mina esa, quedades vós encantadas e sale a Moura”. Porque dis que sempre cando había sol, cando chovía non, pero cando había sol, ás dose do día que salía a quentarse ó sol. Dis que era unha moza tan ghuapa, tan ghuapa, tan ghuapa, co pelo rubio, e cunha melena bonitísima, ghuapísima. Porque xa houbera outra antes, e entón era que se arrimaba alí, e non sei se lle falou ou se non lle falou ou como foi o conto, o asunto é que ela arrimouse, quedou a mosa encantada e a outra saliu, saliu normal e ela quedou alí, e dis que sempre ó mediodía, ás doce do día, que salía sempre a quentarse alí ó sol, dis que era guapísima cunha melena largha, bonitísima. E é así, e este éche o conto ese.